

Cousas do Castelao




Letras galegas 2022

Florencio Delgado Gurriarán

Biografía

O homenaxeado deste ano é Florencio Delgado Gurriarán que naceu o 27 de agosto do 1903 e faleceu o 14 de maio de 1987 aos 83 anos.

Foi un escritor e político español do partido galeguista. Realizou o seus estudos universitarios na Universidade de Valladolid, onde se licenciou en Dereito e chegou a converterse en avogado.



Cando estalou a guerra Civil, logrou fuxir da represión iniciada na comarca de Valdeorras polos sublevados en xullo de 1936, ata alcanzar Oporto, en Portugal, dende onde puido trasladarse a Burdeos (Francia) para chegar á Barcelona republicana en xaneiro de 1938 e tras finalizar a guerra Civil marchou a exilio de México, país onde se estableceu permanentemente.

Obras

Comezou a publicar poesías en *A Nosa Terra* e *O Heraldo de Galicia*. En 1933 ingresou no Partido Galeguista e un ano mais tarde publicou na revista *Nós* a súa primeira selección titulada *Bebedeira*. Tras o comenzo da guerra Civil exiliouse primeiro a Portugal e Francia e tres anos máis tarde a México, onde exerceu diversas profesións. No exilio colaborou con varias organizacións como a Alianza Nacional Galega, o Ateneo de Galicia en México e O Fogar Galego; ademais, dirixiu a revista *Saudade*. En 1944 participou como mandatario do Partido Galeguista no pacto Galeuzca, formando parte do Consello de Galicia en México. Trala constitución do Patronato da Cultura Gallega en México que impulsou a creación da revista *Vieiros*, Florencio Delgado participou na súa dirección xunto con Carlos Velo e Luis Soto. En 1963 publicou *Galicia infinda* e en 1981 *Cantarenas*. Cinco anos máis tarde publicou en México o seu último libro titulado *O soño do guieiro*.

Poema que nos gusta

Atotonilco

Atotonilco, febreiro,
terra bermella, laranxas.
As ágaves, nas encostas,
están en terza parada.
Van, nun ronsel poeirento,
por mor de salvala ialma,
pra San Xoán os pelengrins.
E, pola noite, na praza,
hai, nos loureiros das Indias,
concello de “chachalacas”.

Mía García e Jorge Valiño 1 eso B

Co título dun poema de Florencio Delgado Gurriarán, “Tristura do souto mudo”, o alumnado de Plástica de 3º B inspirouse para crear estes debuxos tan fermosos:



Tamén como todos os anos tivemos a exposición achegada pola Xunta de Galicia, que nos ilustrou sobre a súa vida e obra, e gozamos coa actuación teatralizada da vida e obra do de Florencio Delgado interpretada por Serafín Marcos. Este ano co espectáculo titulado “A LEDICIA DE VOLTAR”

Certame das letras galegas

Este ano recuperamos o certame literario das Letras Galegas con tres modalidades: narrativa, poesía e banda deseñada. Nesta última non tivemos concursantes, polo tanto ficou deserta. Pero nas dúas primeiras houbo un monllo de propostas ben interesantes das que o xurado escolleu un primeiro e un segundo premio. Velaquí os traballos premiados:

1º premio de poesía: Candela Estévez García, de 2º BACH C

-Poema 1: Tempo

Sinto que o tempo escórreseme entre os dedos,

inspira expira, inspira expira;

isto non é un *tempus fugit*, é un pranto desesperado,

inspira expira, inspira expira;

dille a Chronos que deixe de acelerar a caída das areas,

inspira expira, inspira expira;

un segundo marchou pra valer medio,

inspira expira, inspira expira;

que vai ser de min realidade sarcástica?

que vai ser de nós se se esgota o tempo?

unha fría sombra,

inspira expira,

un corpo seco.

-Poema 2:

Mar galego, ti que bañas as costas da miña ría,

leva o meu corazónciño lonxe,

onde non poida miralo.

Faino partícipe da danza das túas ondas

e déixame escoitalo polas noites,
cando muden as mareas.
Dille que me mande as novas
nunha pomba imaxinaria,
e eu, valeira sen o meu órgano primeiro,
farei soar as palmas
enchendo con elas o frío oco
do meu corazón fuxido
que busca cura pra o seu corpo.



-Poema 3: Carta para min

Quizais a choiva
susurraralle aos meus recordos
que volvo para me enfrontar a eles;
abrazándoos, aceptando o que doen.
Perdoa muller os bicos,
os beizos, teus brazos
e retoma as tuas labores de busca de alentos,
daqueles que quedan contigo máis do necesario.

Deixa por favor
que as túas mans se atopen de novo coas letras,
e que estas deixen de chorar cando as toco.

Respira, que o tempo non me amola.

O tempo é saúde,

é edificio de carne ausente;

e chegará un serán no que virá por ti

en forma de engurra.

2º premio de poesía: Iria Rodríguez Álvarez, de 4º ESO B

-Poema 1: Desvaneces

Un poema queda no olvido

se do papel é borrado,

mil recordos de estar contigo

que quedaron desamparados,

tristes e quebrados

coma meu corazón destrozado

que se rompe un pouco máis

cando trato de recuperalo.

Case imposible de afrontalo

pois sinto que me fallo,

a pesar de ser ti o descarado

que decidiu dalo por rematado.

Tantas promesas e todo en van

pois escapáronseche das mans,

de que servían teus te amo

si agora teñen outro destinatario.

-Poema 2: Comigo mesma

Podo afirmar con veracidade
que me quero máis que un mes atrás
acepto o meu corpo,
a miña cara,
e a miña personalidade
e respéctome
e fareime respectar.
Sei que comigo podo contar
e non preciso nada máis,
nin cumpridos,
nin adxectivos calificativos,
son perfecta á miña maneira
e iso ninguén o vai cambiar.



-Poema 3: 24/02/22

Tristeza,
un escuro veo funde mil cabezas
sen alusión á coherencia,
así son as guerras.
Descerebrados con dilixencia,
reinará a impertinencia.
Desesperanza desa
"paz eterna"
que se foi,
con dous avións de guerra.

1º premio de narrativa: Romina Montenegro Aguirre, de 1º ESO A**Superdotados*****Privilexiados***

O meu colexio é un pouco especial, xa que en vez de estar separados por idades, sepárase polos puntos que obteñas nos exames. Era a semana dos exames, e o máis esperado era o do venres, ese decidiría se pasas ao seguinte curso ou segues no mesmo. No colexio había unha clase privilexiada, tiñan acceso a partes prohibidas da biblioteca, podían comer antes e tiñan máis tempo de descanso ca os demais. Era a clase A, encontrábanse no máis alto do edificio, tiñan habitacións propias cun espazo bastante amplo.

O exame

Estabamos no último día da semana de exames, o venres. O exame trataba de filosofía, estaba respondendo todas as preguntas, algunhas sabíaaas pero en outras non tiña ni idea do que dicían. Quedaban menos de vinte minutos para que acabásemos o exame, e de súpeto escoito polo altofalante unha voz que dicía <<Na parte de atrás da folla tes que pór o que significa para ti a palabra “Sociedade”>>. Despois de escoitar iso empezoume a doer a cabeza, parecía que só eu o escoitei.

Clase A

Despois dunha semana tiñan corrixidos os exames, para a miña sorpresa e a de todos, saquei a nota máis alta, cosa que permitíume pasar á clase A. Para min non era algo do que alegrarme xa que me daba igual onde estivese, pero aos demais importoulles máis ca min. O martes tiña que ir á sala A, tiña que subir un montón de escaleiras, cousa que non me gustou, xa non quería seguir nesa clase. Ao entrar na aula todos empezaron a mirarme e murmurar entre eles, (algo que realmente detestaba, non me gustaba que falasen de min ás miñas costas).

Sucesos estraños

Xa levaba máis dunha semana nesa clase e empezaban a pasar cousas un pouco raras, é dicir, a un compañeiro empezáballe a sangrar o nariz nos exames, e tamén lle desaparecían cousas e outra podía ler libros en cuestión de minutos.

Empecei a cuestionarme que as persoas que estaban alí non eran normais e que tiñan poderes, pero iso só pasa nos contos. Ata que un día realmente crin que tiñamos poderes despois de ver como un amigo desaparecía un bolígrafo coas súas propias mans.

Os irmáns López

Ao parecer, todos nesa clase tiñamos algo especial, quixemos facer unha proba para saber en que destacabamos cada un. Os primeiros en facer esa proba eran os irmáns López, parecían normais, pero tiñan algo moi especial. Era coma si estivesen conectados, se a un pegábanlle no xeonllo o outro tamén o sentía, movíanse á vez, todo o facían igual. Queríamos saber o porqué das cousas que pasaban, pero aínda era o comenzo de moitas aventuras.

Os dedos máxicos

Seguíamos coas probas e viramos moitos “poderes”, por nomealos dalgunha maneira. Eu era o último, pero antes ca min había un rapaz chamado Tomás. El era moi misterioso, sempre estaba co ordenador e parecía que non atendía nunca, pero sempre sacaba moi boas notas, sobre todo en matemáticas, podíache dicir a solución de operacións matemáticas en tan só uns segundos. Cando chegou a súa quenda deixounos conmocionados ao ver o que podía facer con só tocar a pantalla do ordenador cos dedos. Ao tocalo empezou a abrir un montón de lapelas á vez, aínda non controlaba o seu poder, pero nalgún momento sería o mellor.

O meu poder

Tocábame a min, pasei adiante de todo, senteime na mesa que puxeran no centro da clase, fixéronme todas as probas que realizaran aos demais, pero nada funcionaba, eu era o único ao que lle pasaba iso. Os meus compañeiros non entendían porque estaba nesa clase se non era coma eles, pero o profesor sabía que eu tiña algo que me diferenciaba, que tiña algo que os demais non, era a capacidade de idear plans en cuestión de pouco tempo.

Aventuras

Despois de saber o poder que tiñamos cada un, decidimos formar un equipo entre todos para poder descubrir porque somos así, porque nós e non outros. Eramos os elixidos, como dicía o noso profesor, pero non sabiamos por que, ata que un día, unhas persoas viñéronnos dar unha charla sobre as máquinas, é dicir, os robots. Despois púxenme a pensar algo que desde hai bastante tempo non fago. Estiven pensando en varias solucións pero ningunha tiña moito sentido que digamos, ata que din cunha que si o tiña.

Explicacións

A razón destes sucesos era que desde nenos, todos os que estudabamos alí nos prepararan para isto, é dicir, para ser a mellor xeración en anos e poder ser os mellores. Nós eramos os primeiros en estar nesa clase, polo tanto, eramos como “o paciente 0”, as ratas do laboratorio, por iso tiñamos tantos fallos que co tempo se irían corrindo grazas aos descubrimentos do director da escola, o señor Pablo Seradín.

O director

O director comportábase un pouco raro, sempre ía á nosa clase, pero só á nosa, non visitaba ningunha outra, parecía que quería ternos vixiados, e ver cada cousa que sucedía. Pablo Seradín foi alumno nesa escola, despois fíxose profesor e finalmente director. Levaba todo a súa vida nesa escola sen cansar, realmente era algo polo que felicitalo, porque a dicir verdade, eu non podo soportar esta clase de catro paredes en que nos pechan.

A historia de lingua

Tocou o timbre que indicaba que a clase de lingua galega terminaba, e con ela, unha onda de aplausos despois de escoitar esta historia. Eran os deberes que mandaran a anterior semana, facer unha historia do que máis che gustase. Esta foi a miña historia, e grazas a ela aprobei a materia ao final de curso. Gustoume tanto escribir este relato que ao final convertínme nun escritor moi novo. A idade de 15 anos xa tiña dous libros publicados e un en curso, compartía o tempo de escribir con estudar, e sen dar-me conta, pasei todos os cursos ata chegar á miña graduación. Esta foi a primeira historia que fixen antes de ser un escritor recoñecido en todo o mundo, así que, grazas profesora de lingua por mandar este deber.

Fin

2º premio de narrativa: Ana Díaz Caride, de 4º ESO A

Irmaus de sangue

A zona quedou despexada, non se veía nada, non se escoitaba nada, pero o arrecendo a sangue perduraba naquela parte do bosque.

Din que os lobos ulen o medo, e cando o detectan, non lles importa nada máis, nada. Tamén é certo que estaban deseñados para iso, necesitan comer, e quizais non era a súa culpa... Supoño que é normal non pensar niso cando acaban de destrozarte a vida. A dor e o odio é o único que cabía no seu corazón... e o pequeno, era demasiado pequeno como para entender o que lle acababan de facer.

Pasou todo moi deprisa, e non quería recordalo, pero non lle saía da cabeza. Eles atacaran a aldea, sen aviso nin nada que os puidera delatar. Os seus pasos foran sixilosos e atacaran todos á vez.

Rodeados e sen escape, agarrou ao seu irmán pola man e correu, sen mirar atrás... así lle dixeran os seus pais, nunca mires atrás.

Non escoitou gritos, non gritaron, por eles.

Pero o cheiro a sangue podre era demasiado como para que ocorrira o contrario. Si, el volvera ali, despois de tanto tempo, a tobeira na que pasou os mellores e peores momentos da súa vida.

Deixara ao seu irmán nun refuxio temporal, onde os superviventes habitaban desde entón, apretados, pero ao menos, aún vivos, o que non se podía dicir dos outros...

Un suspiro, outro, unha palabra malsoante e, por fin, un pranto. Un choro que rompería o corazón de calquera que o tivera. A caso el non tiña dereito a chorar?

O pequeno xa o sabía, era moi listo, sempre o fora. Decatárase de todas as cousas, e desta tamén, aínda que preferiría que non fose tan pronto.

O pequeno xa chorara, sen falar, nos brazos do seu irmau. Para que falar máis de algo que xa se sabe e que doe como se cada unha das súas silabas fixera unha ferida incurable na pel xa magullada polos golpes do ataque daqueles carnívoros, no pelo xa marrón pola terra mollada daquela noite escura e chuviñenta, na que aqueles malditos decidiran ter a súa cena de acción de grazas.

Chorou todo canto puido para chegar sen bágoas á casa, cunha gran sonrisa que dedicarlle ao seu pequeno sol, que agora xa era a única estrela no seu firmamento, e a única que o podía salvar de sumirse nunha escuridade infinita.

As estrelas, cando morren, deixan a súa luz, brillando por millóns de anos, o tempo que a luz da explosion tarda en chegar ata nos.

Millóns de anos luz de aquí hai dúas nubes brillantes de pos de estrelas, cuxos centros se consomen nunha soa, e sorrindo, as súas pantasma de luz permanecerán no firmamento ata a fin dos tempos, protexendo aos seus coelliños.

O maior levanta do chan mollado de bágoas, sangue podre do tempo pasado e de sangue fresca do presente, da ferida que lle fixo o lobo que matou aos seus pais ao escapar.

Levántase coxeando e marcha.



creación

A continuación temos exemplos de narrativa e poesía do noso alumnado que é ben creativo.

Poesía: Querida adolescencia

Non me atopo ben
desde que estás comigo.
Porque teño medo, sabes?
Aínda que non o pareza
e a miña seguridade
véxase tan grande
cando non o é nin de preto.
Porque sinto
que non lle vou gustar a ninguén
sendo eu.
E non son só eu
somos moites e miles,
que con só vernos no espello
a inseguridade do noso corpo
intensifícase.
Porque estamos tan ensimesmades
en caerlle ben a esa panda de
parvos
que nin sequera somos nós.
E buscamos recoñecermonos na
música.
E queremos deixar de ilusionarnos.
Queremos deixar de querer.
E o que máis queremos
é que sexa certo.
Porque non necesitamos a ninguén
na nosa vida que reste.



Daniela Alejandra Madera Rivero, 4º ESO B

Narrativa:**Unha viaxe ao profundo do mar.**

Era maio e estaba por chegar o verán, e para celebrar o final de clases, o noso colexio, máis concretamente as titoras do noso curso, organizaron unha excursión, a que fan todos os anos. Eu sinceramente non quería ir, pero a miña nai obrigoume, díxome que tiña que vivir ao máximo mentres podía, xa que despois me convertería nunha adulta, e os adultos e adultas só se preocupan polas facturas.

Na excursión imos ás Illas Cíes, unha illa grande na que habitan moitas gaivotas. Hoxe, 20 de xuño é o día no que sobes ao barco e esperas aproximadamente media hora en chegar á illa. Estaba gozando da paisaxe, non había nin unha soa nube, o sol estaba radiante e na auga podía apreciarse o fondo mariño. Aínda nos quedaban uns vinte minutos, estaba mirando para a nada cando de súpeto escoito a unha persoa dicir: “ Golfiños, mirade!!”. Estivemos apreciando os golfiños durante un tempo, pero desapareceron ao chegarmos ao porto. Despois de chegar a illa, bañámonos na praia e xantamos, cando terminamos dirixímonos aos cuartos onde nos aloxaríamos unha semana enteira. Fixemos moitas actividades, como por exemplo, carreiras na auga, fútbol e máis cousas, na que en todas caín ao chan.

Pasou a semana e tiñamos que regresar a clase, non quería deixar atrás a illa, e menos quería volver a dar clases, por sorte só quedaban uns últimos días.



A nosa biblioteca

HORA DE LER

Mochilas temáticas

Calendar for 2021-2022 showing monthly reading hours.

Concursos

Concurso de tradución

Lecturas na web

IES Castelao

Exposicións

Novembro

Concursos

VI Concurso de microrelatos fantásticos e de terror

Lecturas na biblioteca

Quen lixo melo?

Lecturas na biblioteca

LECTURAS DE NAIDAL NA BIBLIOTECA

	Martes 15	Xoves 16	Venres 17	Luns 20
1º ESO	F ESO B	F ESO B	F ESO B	F ESO B
2º ESO	F ESO C	F ESO B	F ESO B	F ESO B
3º ESO	F ESO C	F ESO B	F ESO B	F ESO B

Sorteos

Sorteos do 1º e 2º trimestre entre os lectores da biblioteca

Lecturas na biblioteca



Actividade	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre
Ilustrámonos sobre CASTELAO	10/11/2021	10/11/2021	10/11/2021

Exposicións

Febreiro: VERNE



Exposicións



nas mesas da biblioteca

Lecturas na biblioteca



Lecturas polas aulas

23 de febreiro:
Día de Rosalía



Exposicións



Nas Xornadas PLAMBE



Lecturas na biblioteca



Lecturas no paraninfo



8 de febreiro:
Lendo a Verne



Concursos



23 de Abril
Día do Libro

Mira quen le!



Concursos



PONLLES CARA!

5 de Marzo
Día Internacional da Mula

QUE FIXERON?



Lecturas na biblioteca



Día do Libro 2022

LECTURAS



Lecturas na entrada



Día do Libro



Exposicións



17 de Maio

DÍA DAS
LETRAS
GALEGAS



Exposicións



Ilustrámonos sobre Castelao



Lecturas na entrada



Día da
Diversidade
Cultural



Actividades de fomento do galego

Correlingua 2022

Parte do alumnado de 1º ESO participou no correlingua de dúas maneiras distintas este ano. Unha delas foi visualizando o festival que se fixo desde o concello de Vigo e outra foi realizando tres regueifas para encadear con outras dadas e coas seguintes.

Eis as nosas regueifas compostas polo alumnado de 1º ESO A e o enlace do vídeo co traballo de todos os centros escolares, nós ficamos á altura 1min 30'.

<https://youtu.be/ad1ONX7xY5E>

REGUEIFA

Con forza imos inzala,
esta lingua que é tan nosa.

Tamén temos o Entroido,
que tradición tan fermosa.

A xente do Castelao,
somos moi de regueifar.
Se vós nos acompañades
imos todes desfrutar.

Montamos a foliada
pra cantar coas
Tanxugueiras,
xuntos co noso sereo
bailaremos muiñeiras.



Grupo de música tradicional

Continuamos co grupo de música tradicional do IES, onde permaneceron algúns membros do ano pasado e chegaron novas incorporacións. Moitísimas grazas a todos os seus integrantes pola súa dedicación e entrega: Carme, Ainoha, Noelia, Sara, David e Chus, sodes moi grandes. Ensaíamos durante o curso con moita ilusión e realizamos dúas actuacións, na conmemoración das Letras Galegas e no final de curso.



Obradoiro de regueifas do IES Castelao

Este ano tamén se continuou co obradoiro de regueifas onde houbo alumnado de 1º da ESO. Quedabamos un día a semana para írmonos adestrando e fixemos unha actuación no final do curso saíndo moi ben parados e paradas. Grazas especialmente a Iago, Mateo, Gabriel e Noelia. Tamén a Paula, Xoán, Samuel que estiveses aí. Hai canteira da boa no noso Castelao!



Regueifas: obradoiros da Deputación de Pontevedra e do Concello de Vigo. Certames na asociación de Valadares.

Este ano tivemos a gran sorte de contar por dúas veces no noso centro con obradoiros de regueifa patrocinados polas dúas institucións arriba mencionadas. Realizáronse no primeiro e no segundo trimestre e nos dous casos puidemos ir ao certame final que se celebrou na asociación de Valadares. Os e as profes de regueifa que tivemos foron moi bos: Josinho, Lupe e Lobariñas. Para todos eles moitas grazas por ensinarnos a súa arte. No primeiro certame chegou á final Mateo, de 1º ESO A e no segundo Noelia, de 1º ESO B. Pero arriba no escenario tamén estiveron Manuel, María, Alba, Zainab, Anxo, Irene, Samuel, Xoán, Paula, Iago, e desculpade se me esquezo de alguén. A todas e todos mil grazas e espero que non deixedes de regueifar!

1º obradoiro e certame



2º Obradoiro de regueifas e certame



Samaín: concurso de cabazas e lecturas de terror.

Para celebrar o Samaín no noso centro, ademais do marabilloso túnel do terror, desde a biblioteca, vicedirección e o equipo de Dinamización organizamos o primeiro concurso de cabazas do noso IES que tivo unha gran acollida e unhas obras de gran merecemento como veredes nas fotos. Acompañando o concurso organizamos unha sesión de lecturas de terror para 1º da ESO. Para decorar o salón de actos tivemos a inestimable axuda do profesor Pablo Samartín. Grazas a todas e todos por facelo realidade.



As gañadoras e gañador foron: Houbo dous 1º premios: Denís Ignacio Villegas Oliveira de 1º ESO C e Lucía Mosquera Cabaleiro de 1º ESO B e un 2º premio: Angélica Moreira Matilde de 1º ESO C.








As cabzas premiadas:





Día de Rosalía

A nosa insigne literata tivo a súa homenaxe un ano máis no IES Castelao polo seu aniversario, que este ano modificouse ao 23 de febreiro, verdadeira data do seu nacemento. O alumnado que conforma o equipo de Dinamización xunto con alumnado de 4º ESO e 1º BACH fixeron lecturas da obra de Rosalía no centro e logo espallamos a poesía da poeta agasallando con flores e poemas ás persoas da peonil do calvario. Noutras aulas tameñ se fixeron lecturas da súa poesía. Rosalía vive en nós!





Visita dos merdeiros ao IES castelao

Achegándose a festa do Entroido tivemos a sorte de recibir connosco a uns membros da asociación A Merdeira de Vigo, que foron os impulsores da recuperación do personaxe tradicional do Entroido galego: o merdeiro. Eles nos comentaron as súas orixes, tipoloxía, atuendo e prestáronnos o traxe para merdeirar un pouco polo centro. Case nada!



E a demais tivemos a sorte de ter connosco a dúas das integrantes do grupo tanxugueiras no noso Entroido. Non o credes? Mirade...

Grandes Carla e Mónica!



Ao teatro fomos en abril con alumnado de bacharelato ver a obra *Top manta*, de Fulano, Mengano e Citano na sala Ártika. A obra consistiu nunha serie de pezas breves enlazadas que tiñan como nexo o humor e a crítica mordaz de temas de actualidade. Ao alumando gustoulle moito e esperamos voltar pronto.





Conferencias con autoras galegas e sobre linguaxe non sexista

O alumnado de 4º ESO e 1º BACH participou de coloquios virtuais con tres grandes autoras literarias galegas: Iria Misa, Eva Mejuto e Leticia Costas. Ademais tamén tiveron unha charla sobre linguaxe e comunicación inclusiva.



Festival das Letras Galegas 2022

Este ano celebramos o festival das Letras no paraninfo xa nomeado como Xela Arias. Realizouse a entrega dos premios do concurso literario e léronse parte das obras. Houbo lectura de poemas do homenaxeado deste ano Florencio Delgado Gurriarán, actuación do grupo de música tradicional e un poema dramatizado e levado á escena por Mateo, Zainab e Paula de 1º ESO B. Beizóns para todas e todos os participantes e gañadoras.



Conmemoración do Día Mundial da Diversidade Cultural, 21 de maio

A biblioteca, xuntamente co departamento de Orientación e o equipo de Dinamización organizaron unas lecturas en diferentes linguas faladas polo noso alumando para significar o día da diversidade cultural, riqueza que temos a fortuna de ter no noso centro. Desde ruso, a árabe, pasando por portugués do Brasil ou romanés e moitas outras linguas foron dadas voz por estes rapaces e rapazas. Para abrir o acto a nosa excelsa gaiteira Lara interpretounos uns temas. Grazas a todas e todos.





Exposición

Resaltamos unha exposición das varias que se fixeron no centro. É aquela que daba visibilidade a mulleres inventoras e informáticas realizada na aula de TICs polo alumnado de 4º ESO.



«Ya que traemos a los niños a este mundo, tenemos la obligación de hacerles la vida más fácil»

Ángela Ruiz foi unha mestra, pedagoga e inventora española que naceu en 1885 e morreu en 1975. Cursou estudos superiores na Escola de Mestras de León, onde ela naceu. Naceu nunha familia acomodada, na que puido permitirse estudar e formarse no que máis lle paixonaba, grazas a iso logrou crear grandes inventos, coma o primeiro libro electrónico e un sistema taquigráfico. Dedicou toda a súa vida a ensinanza.

Ángela Ruiz inventou o primeiro libro electrónico, que era una enciclopedia, para facilitar os estudos dos seus alumnos e que tiveran menos carga de libros.

ÁNGELA RUIZ ROBLES

PRECURSORA DO LIBRO ELECTRÓNICO

28 de marzo de 1885- 27 de outubro de 1975

¿SABÍAS ESTO?
 Ángela Ruiz concibiu a súa primeira invención en 1916, un sistema taquigráfico, que anos despois perfeccionou e desenrolou.

Fuentes de información: <https://mujeresconciencia.com/2017/05/25/angela-ruiz-robles-1895-1975/>

Sandra Álvarez 4-B

Lynn Conway

Nova York (2 de enero 1938)

Na actualidade reside nos Estados Unidos



Informática, inventora e activista transxénero estadounidense. Traballou para IBM sobre 1960 e inventou o “generalised dynamic instruction handling”, de importancia para o paradigma de execución “Out-of-order” das computadoras. IBM despediuna en 1968 despois de reafirmarse transexual e planificar unha reasignación de sexo.



Daniel Pereira Liz 4º ESO A

VI concurso o ollo de vidro

Este ano volvemos participar na iniciativa de recomendar un libro, autor/autora ou xénero a través do produto do booktrailer, chegando xa a sexta edición. Do noso centro concursaron Gabriel <https://www.youtube.com/watch?v=EhCG19hKPvc>, e Aminatu e Josselin <https://www.youtube.com/watch?v=w9AYAXhEmpY> de 1º da ESO. Inda que non se alzaron cun dos premios fixérono moi ben. Agardamos ter máis sorte para o ano que vén. O acto de entrega realizouse dentro do programa do Festival de Cans o pasado mércores 18 de maio no Baixo de Carlos.

ACCÉSIT

La lista de Shindler de Amina Día González

- B. Premio do público.

Boulevard de Kenia Porto, Sara Bugarin e Diana Vila

- A. Premio do xurado. *Asesino de Brujas* de Lucía Besada.

C. Premio Festival de Cans. *O caso dos amantes de Paris*, de Miguel Alonso



Opinamos: Ensaio

Este texto ten a finalidade de dar a miña sincera opinión sobre a charla referida ao venres, dada por Xesús Alonso Montero. Ao ser este o obxectivo do texto, voume centrar primordialmente na expresión máis sincera das miñas ideas sobre a conferencia.

Ben é sabido que a persoa que nos viña falar do homenaxeado das Letras Galegas deste ano era importante, mais é certo que non tiña idea da envergadura da súa importancia. Primeiro de todo, hei de dicir que sempre gardo respecto ás persoas que veñen a darnos charlas, pois están perdendo connosco o seu tempo e nós obtemos a cambio unha actividade de carácter cultural (aínda que ás veces social tamén). Esta vez non foi menos, pero o meu respecto aumentou ao ver o aprecio por parte do meu profesor cara ao conferenciante, e aínda non fixo máis que aumentar polo sorprendente feito de que o señor Xesús Alonso Montero ten 93 anos!

Certo é, debido aos meus pensamentos e ideais, que me resultou incríbel a presentación deste home na charla, pois dinme conta de que as palabras do meu profesor non eran para menos, mais Xesús Alonso Montero declinouas dunha forma humilde. Engado a sorpresa ao me decatarme de que a persoa en cuestión foi o Presidente da Real Academia Galega, ademais de ser, no seu tempo, o presidente do Partido Comunista (dato que, no persoal, xa sabía con antelación).

Por último, referido á charla, gustaríame remarcar a capacidade que tiña Alonso Montero de ser capaz de chamar a atención dos seus oíntes, con técnicas oratorias como a entonación, expresións faciais, movementos...que, polo feito de ser realizados por unha persoa da súa idade, asombráronme. Tamén quería dicir que a expresión continua e sincera das súas vivencias e ideas dalgúns temas ao longo da charla, fixo que fose unha experiencia entretida; por outro lado, referente a este tema: debe ser que é propio de galegos, pero dende que fixo o primeiro comentario irónico, xa estaba desexando escoitar o seguinte, razón que tamén me mantivo atento ás palabras do expresidente da RAG.

Agradezo a oportunidade brindada polo centro de poder coñecer a esta gran personalidade, admirada polos seus logros e contribucións á nosa cultura e lingua.


Abel Guedella, 1º BACH B



“O Benidorm Fest, unha labazada ao progresismo”.

O resultado do Benidorm Fest non deixou indiferentes os seus seguidores, que apostaban por cancións con fortes reivindicacións ideolóxicas. Paradoxalmente, levou o trofeo unha canción contraria a estas ideas.

Pero máis alá de quen levase o premio do certame está a loita dos progresistas en defensa do feminismo e da diversidade cultural dun país. Non obstante, o progresismo volve levar unha labazada que bota por terra o seu traballo. Conseguen darlle visibilidade ao concurso, poñelo en auxe, aumentar audiencias e, por contra, non conseguen proveito ningún. Os beneficiarios sempre son os mesmos. Quen gaña? Unha vez máis, o capitalismo, a dereita. Son estes os que se lucran da revalorización do festival.



Repítese a historia, como tantas outras veces; como cando o progreso lle deu vida aos barrios, poboáronos e, unha vez que lles deron valor, chegou o capital para compralo todo e botar as xentes que conseguiran levantalos.

O progresismo fai o traballo, o capitalismo obtén as rendas. Aproveitan para sacar tallada cando o progresismo xerou o valor.

Pasará o mesmo co cambio enerxético e a revolución verde? Lamentablemente, si. O capitalismo xa o está aproveitando.

O progresismo leva anos loitando polo medio ambiente, pola reciclaxe e a reutilización. Xa conseguiron darlle valor social a estas boas prácticas. O cidadán xa está mentalizado con que hai que coidar o planeta, pretexto que utilizan os capitalistas para continuar enchendo as súas arcas, sendo a causa o que menos lles importa. Grandes empresas, líderes en vendas, amasadores de fortunas que recollen no seu manual de boas prácticas de responsabilidade social e medioambiental a redución de bolsas e envases. Pero son realmente estas grandes firmas as que contribúen –co progresismo– para o coidado do entorno global? Na súa estratexia propagandística informan de que todo o que se recade da venda de bolsas e envases se destinará integramente a iniciativas ecolóxicas, e que bonito queda!, e que boas empresas son!, pero a realidade é que eles non contribúen. Non, eles non! Contribúe o consumidor que é quen decide non mercar a bolsa ou, pola contra, se considera que a precisa, pága. É o cliente quen asume ese custo.

Cal é a realidade? Os empresarios, os que teñen o poder, os donos do capital viron na causa progresista a oportunidade de reducir custos e, polo tanto, de aumentar os seus beneficios.

Os propósitos do progresismo actual para acadar obxectivos socioculturais e medioambientais son o motor que pon en marcha a caixa rexistradora da dereita, expectante para, outra vez máis, sacar proveito do esforzo progresista.

Mónica Fernández Alonso (2º B)

O progresismo a finais do século XX e comezos do XXI é visto como un conxunto de ideas de futuro fronte ao conservadorismo, e podía ser concibido como sinónimo de centreesquerda no aspecto político. Tamén é considerado un movemento ideolóxico de avance no aspecto cultural, social e económico. O progresismo considérase unha ideoloxía oposta ao conservadorismo.



O mestre licenciado en psicoloxía, da universidade de Nova York, John Haydt di: “Os conservadores poñen un prezo a súa alma 14 veces superior ao que lle poñen á súa os progresistas. Literalmente.”


Os progresistas dispoñen dunhas ferramentas para conseguir adeptos, como a comunicación e a publicidade, que deben de saber usar para que os argumentos que

reivindican xeren situacións que favorezan ese progreso e non o deteñan ou mesmo se lles volva na contra.

Se se está querendo progresar en temas económicos en distintas áreas, hai que ter coidado, pois en vez de progresar a sociedade pode resultar que o que “progrese” sexa o capitalismo e aquela se manteña sen avance. É dicir, o progresismo non faría avance no sistema económico da sociedade actual, senón que axudaría a quedar o que agora está.

No ámbito cultural pódese dicir o mesmo e a proba foi o acontecido no Benidorm Fest.

Pero, cando se gañan eses adeptos para unha ideoloxía radical? A miña experiencia dime que, na xente que pasa a barreira dos 25 anos de idade –máis ou menos–, depende da persoa: se esta ten ideoloxía conservadora ou progresista, xa non a muda. A súa formación académica e vital até ese punto é a que lle fai ter esa mentalidade. Aí é onde deberá centrar o seus esforzos o progresismo para acadar adeptos e conseguir vencer o conservadorismo en número de seguidores.



Mensaxes claros, sen moitas reviravoltas, dirixidos á xente en formación e coa mente “en branco”, desexando absorber información para procesala e acadar unha mentalidade propia.

Fernando Rey Castro (2º A)

Levanta a voz

25 de novembro, 8 de marzo e 28 xuño

A comunidade do les Castelao manifestou a súa repulsa ante a violencia de xénero. E tamén falamos de mulleres valentes, de eliminar os corsés que nos cinguen, da verdadeira liberdade de xénero e de identidade sexual. Tameñ creamos un punto violeta no centro e unha guía para que o noso alumnado poida consultar.

Se algunha vez escribo o que sinto
 é por temor a que me volva a pasar,
 se algunha vez me pasara isto
 de sentir eu sería incapaz .

Son persoas sen sentimentos
 alleos ao mundo real
 son persoas cos ollos pechados
 que só nos queren desbotar.



Coa mirada perdida eu penso
 que algún día o mundo vai
 cambiar
 mais logo me dou de conta
 que por ser así perdín ao meu pai.

El era unha desas persoas
 que prefería vendarse os ollos
 cunha vendaxe demasiado grosa
 que ás veces me pinchaba coma os toxos.
 Un día collín un vestido
 pregunteime : por que non probar?
 Pinteime ben axeitada
 e á rúa saín camiñar.

Todos se me quedaron mirando coma se
dunha pantasma se tratase
tiven que agochar a cabeza
e chorar ao fio da soidade.

Por sorte coñecín a Marta
un neno coma min
díxome que lle gustaba o meu vestido
e comenzamos a saír.

Agora son unha muller
a xente xa non pon cara de porco
son unha moza apoderada
e orgullosa do seu corpo.

A sociedade está moi castigada
por persoas que non saben respectar,
por persoas de mente pechada
que algún día a venda terán que quitar...

Noelia Villaravid Lede, 1º ESO B



Alumnado de 4º da ESO traballou cos refráns populares que mostraban contido misóxino, sexualizado sobre a muller, xa que non toda a tradición é boa. O seu propósito era rastrexar esta ideoloxía e darlle a volta. Aquí vos deixamos algúns exemplos de Ana Díaz e Camila Rial de 4ºESO A, Seriadades quen de continuar? Mandádenos as vosas propostas para a revista do ano que vén.

Val máis unha muller guisando, ca un cento latricando. x

Val máis unha persoa traballando, ca un cento latricando.√

Os inimigos do home son tres: sogra, cuñada e muller. x


As aliadas no novo mundo son tres: sogra, cuñada e muller.√

O home na leira, a muller na lareira. x

O home na leira, a muller da mesma maneira.√

O home propón e a muller todo o descompón. x


O home propón, e a muller dispón. √





Pasatempos

Encrucillado:



Horizontais

1. O que estás facendo.

3. Saúdo coloquial.

5. Nó ou vulto que forman as articulacións dos dedos.

9. a persoa máis nova que un adolescente.

verticais

2. persoa que di a misa na igrexa católica.

4. Contando polos dedos, o terceiro número da segunda man.

6. O que está dentro do cráneo.

7. O que lle dás a alguén na meixela para demostrar o teu amor.

8. O xerundio do verbo facer.

10. Elevacións na auga producidas polo vento.

Banda deseñada

As dúas bandas deseñadas que veñen a continuación son da gran debuxante e guionista Blanca Díaz Caride de 1º ESO A. Non deixes de crear Blanca.



~~COUSAS~~ QUE NON SABÍAS



COUSAS QUE NON SABÍAS: GALICIA

TEN O FARO ROMANO
MAIS ANTIGO DO
MUNDO
EN FUNCIONAMENTO

A torre de
"HÉRCULES" ①

A ÚNICA PRAIA DE ÁREA
NEGRA NON VOLCÁNICA DO
② MUNDO

PRAIA DE
"TEIXIDELO"

O único río de
Europa que de-
semboca ao mar
en cascada.

FERVENZA DO ÉZARO ③

A RUTA DE PEREGRINACION
RELIXIOSA MAIS IMPORTANTE
DO *MUNDO*

CAMIÑO DE
SANTAGO. ④

ACANTILADOS | ALTOS
DA | EUROPA | ↓

Vixia 600m ↑ Herbeira
CONTINENTAL ⑤

ÚNICA MURALLA ROMANA
INTACTA ***
muralla de Lugo

⑥

← 2266 m!!



ÍNDICE

Letras Galegas 2022. Florencio Delgado Gurriarán	2-3
Certame Letras Galegas	4-11
Creación	12-13
A nosa biblioteca	14-16
Actividades de fomento do galego	17-32
Exposición	33-34
VI concurso o ollo de vidro	35
Opinamos: ensaio	36-38
Levanta a voz	39-43
Pasatempos	44
Banda deseñada	45-46
Agradecementos	49

Agradecementos



Moitas grazas Xaime por ese concerto privado de zanfona que puidemos desfrutar en exclusiva 4º ESO A e unha servidora. Sei que Manuel María onde estea gustaríalle escoitar o seu poema *O carro* nesa mañá de clase.

Como coordinadora do EDL do IES Castelao quero agradecer a todas as persoas que colaboraron para que esta revista fose posible. Ás persoas que achegaron textos, imaxes, debuxos, ideas, actividades que mostrar, en fin, ás que fixeron posible un ano máis que se fixese realidade. Esta é unha labor de equipo e sen vós nada ten sentido. Grazas alumnado e compañeiras e compañeiros.

Até o próximo ano !

A coordinadora do EDL



